


**PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA
PROXECTA+ 2021-2022**



*"Arrólame paseniño, „
rrólame un pouquiño"*



CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
Santa Comba



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ÍNDICE

1 Título do proxecto.....	2
2 Introducción.....	2
2.1 Contextualización. Análise da situación sociolingüística do centro.....	2
2.2 Xustificación do proxecto.....	3
2.3 ODS 2030 e competencias clave.....	4
3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación: ODS da Axenda 2030.....	7
3.1 ODS 4: obxectivos a curto e longo prazo.....	7
3.2 ODS 5: obxectivos a curto e longo prazo.....	8
3.3 ODS 10: obxectivos a curto e longo prazo.....	9
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos.....	10
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo relacionadas cos ODS.....	10
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo relacionadas cos ODS.....	11
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	13
6 Xestión e temporización.....	16
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	17
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas.....	17
7.2 Alumnado participante.....	18
7.3 Outros membros da comunidade educativa.....	20
8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	20
9 Orzamento. Xustificación e desagregación.....	21
10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	22
11 Medidas de difusión do proxecto.....	23
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos.....	23
11.2 Alcance.....	25
12 Plan de avaliación.....	25
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	25
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	26

1 Título do proxecto

Arrólame paseniño, arrólame un pouquiño é un proxecto de recuperación do patrimonio inmaterial da nosa comunidade educativa, unha homenaxe á tradición oral en lingua materna.

2 Introducción

2.1 Contextualización. Análise da situación sociolingüística do centro

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está situado en Santa Comba, un concello que pertence á comarca do Xallas, formado por 17 parroquias. Acolle 411 alumnas e alumnos (118 en educación infantil e 293 en educación primaria). A principal actividade económica é a gandaría e a agricultura, aínda que no núcleo urbano do concello unha parte da poboación dedícase ó sector servizos e á industria.

A lingua empregada maioritariamente é o galego, malia que non estea totalmente normalizada. O concello conta cunha parte minoritaria de galegas e galegos que empregan o castelán na súa vida cotiá, así como inmigrantes procedentes doutros países (Marrocos, Moldavia, O Brasil, A China, Romanía, O Perú, Colombia, Venezuela, A República Dominicana etc.), e doutras comunidades autónomas que descoñecen o galego.

O **profesorado** deste centro ten unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia; o nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é alto. En xeral, todo o persoal docente presenta actitudes favorables cara á utilización da lingua galega na actividade laboral e tamén na vida cotiá.

O **alumnado**, aínda estando en contacto co castelán, é educado polas familias sobre todo en galego. Polo tanto, podemos afirmar que a lingua materna predominante entre o alumnado é o galego (con excepcións, como é o caso de estudantes procedentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro).

No **centro** existe unha presenza da lingua galega na documentación administrativa, nos rótulos, nas notas informativas dos taboleiros etc. Tamén con excepcións, toda a comunidade educativa (alumnado, persoal docente, non docente e familias) fala o galego nas comunicacións orais e escritas. A páxina web e os blogs están escritos integramente en galego.

Na **etapa de educación infantil**, tal como indica o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, o profesorado, tendo en conta a lingua da contorna, emprega o galego na aula, xa que é a lingua predominante entre o alumnado, e procura de que este adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Tamén se atende de xeito individualizado o alumnado, segundo a súa lingua materna.

Na **etapa de educación primaria**, garántese a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia, de acordo co artigo sexto do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. O centro garante, a través do seu proxecto lingüístico, un equilibrio entre as horas semanais ofrecidas en galego e en castelán.

En resumo, podemos concluír dicindo que estamos nun ámbito no que o galego ten unha presenza moi importante en toda a comunidade educativa.

2.2 Xustificación do proxecto

O proxecto que estamos a desenvolver no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza é o resultado dunha exhaustiva análise do Proxecto educativo de centro (PEC), do Proxecto lingüístico de centro (PLC) e do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe). Despois dunha esmerada e analítica tarefa, decidiuse darlle resposta a unha problemática que viñamos observando nos últimos anos: a perda da transmisión oral interxeracional. A tradición de cantarlles ás cativos e aos cativos estase a esvaecer. Daquela, quixémonos embarcar na nobre tarefa de deixar un legado cultural cunha pegada profundamente emocional na rapazada, na comunidade e na contorna.

Á vista dos documentos anteriormente citados e da realidade do centro, así como do escenario no que desenvolvemos o proxecto, decidimos concretar esta acción no plano musical a través das diferentes linguas maternas que conviven na nosa comunidade educativa. Nace así a idea de recoller arrolos e cantos de berce, realizar un rexistro e gravación deles e utilizar a música como un medio de expresión e comunicación que, xunto coa lingua materna (maioritariamente a galega), conforma un corpus fundamental do noso patrimonio inmaterial.

O proxecto pretende trazar unha liña interdisciplinaria que recolla a educación musical, a dinamización da lingua galega e a educación emocional, e que relacione todo isto co PEC, co proxecto Plambe Galicia: a nosa terra. A radio: a nosa voz, co uso das TIC e das TAC, coa promoción da interculturalidade e da multiculturalidade como contribución de valor á comunidade e co reforzo da materia de libre configuración de 4º e 6º seleccionada para este curso, Expresión e Comunicación.

A maiores, cómpre salientar a atención á diversidade que realizamos en todas as súas vertentes. Elaboraremos materiais específicos como videoarrols en lingua de signos, crearemos pictogramas para algúns dos recursos, empregaremos diferentes sistemas de comunicación coas familias e coa comunidade e, por suposto, teremos en conta as características da música que imos recoller, cuxas particularidades resultan idóneas para traballar con alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

Este proxecto foi deseñado atendendo á situación sociosanitaria que estamos a vivir. Desde un primeiro momento, todas as actividades foron pensadas para poder ser desenvolvidas en diferentes contextos covid. Ademais, as actuacións presenciais realizáronse sempre seguindo estritamente o [protocolo do centro](#).

O propósito deste proxecto é deixar constancia da necesidade de recuperar a transmisión de cantos e arrols na primeira infancia e da súa importancia tanto na adquisición da lingua materna como nos vínculos que se establecen coa familia e coa cultura. Tamén queremos achegarlle ao noso alumnado procedente do estranxeiro (a maior parte, familia directa de persoas emigradas retornadas) a nosa realidade sociocultural e promover a nosa lingua entre este sector.

2.3 ODS 2030 e competencias clave

A Axenda 2030 e os seus 17 ODS son unha oportunidade de contar cunha ferramenta internacional que lles facilite tanto ás políticas educativas como culturais contribuír ao fin común de acadar un desenvolvemento sostible.

Non concibimos que se poidan lograr os obxectivos da Axenda 2030 sen as achegas da educación e da cultura, máis aló de como se formularon nun principio.

No preámbulo da Axenda 2030, onde se define a visión dos aspectos críticos da humanidade e do Planeta, o punto 36 fai referencia explícita ás culturas e á diversidade cultural, un dos obxectivos principais do proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística que nos ocupa:

"Comprometémonos a fomentar o entendemento entre as distintas culturas, a tolerancia, o respecto mutuo e os valores éticos da cidadanía mundial e a responsabilidade compartida. Recoñecemos a diversidade natural e cultural do mundo, e tamén que todas as culturas e civilizacións poidan contribuír ao desenvolvemento sostible e desempeñen un papel crucial para os facilitaren".

META 4.7 Salienta a necesidade de que a educación promova unha cultura de paz e non violencia e a valoración da diversidade cultural e da contribución da cultura ao desenvolvemento sostible.

META 8.3 Suxire que as políticas orientadas ao desenvolvemento deberían apoiar a creatividade e a innovación.

META 11.4 Subliña a necesidade de redobrar esforzos para protexer e conservar o patrimonio cultural e natural do mundo, no marco do obxectivo 11, que pretende lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.

O tratamento das **competencias clave** neste proxecto vai desde o máis xeral, tomando como referencia as pautas marcadas pola Unión Europea, ata o máis concreto, respondendo á definición recollida no Real decreto 126/2014, onde se describen as competencias que se deben tratar en todas as áreas. Tomamos tamén como referencia a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, que describe as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, especialmente en canto á maneira de incorporar a avaliación de competencias. Desta maneira, intentaremos que as competencias teñan un tratamento específico, observable e significativo tanto no desenvolvemento das actividades como no proceso de avaliación.

Referidas á CCL

Contribuíndo ao aumento significativo da riqueza en vocabulario xeral e específico que implicará claridade no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese etc. Tamén fomentando situacións de comunicación entre o alumnado e as súas familias e entre toda a comunidade educativa.

- Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega e nas linguas maternas de procedencia do noso alumnado e das súas familias.
- Aprender vocabulario e expresións locais e da tradición oral en galego e nas linguas de procedencia do noso alumnado.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

Referidas á CD

- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de imaxe e son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, PDI, proxector e radio escolar.
- Utilizar diferentes métodos audiovisuais para ver e escoitar sons.
- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías en relación coa protección de datos.
- Empregar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Introducir a programación en bloques (mBlock) para os niveis de 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- Manexar editores de audio (Audacity) e vídeo (Windows Movie Maker, Imovie, InShot).

Referidas á CCEC

- Percibir e comprender o mundo que rodea o alumnado cando escoita sons da súa contorna, gozar del e valoralo.
- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos e enriquecer deste xeito a súa bagaxe cultural.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Expresar sentimentos e emocións a través dos códigos artísticos.

Referidas á CAA

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe e da capacidade autocrítica e reflexionar sobre o esforzo e os logros acadados e sobre os puntos de mellora.
 - Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinarios.
 - Aprender e practicar estratexias lingüísticas e musicais para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan.
 - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
 - Planificar os recursos necesarios e pasos que realizar no proceso de aprendizaxe e na súa avaliación: investigación, procura de arrollos, resultados etc.
-

Referidas ás CSC

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado de grupo satisfactorio.
- Comprender a realidade social plural coa que convivimos e aprender a respectarnos nunha actitude de escoita activa nas intervencións individuais.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, e fomentar a súa conservación participando en todas as actividades do proxecto.

Referidas ao CSIEE

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais e conxuntas e potenciar a confianza e autonomía nun mesmo.
- Priorizar os obxectivos do grupo sobre os intereses persoais.
- Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.

3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación: ODS Axenda 2030

Respecto á vinculacións dos Proxecto + cos ODS da Axenda 2030, formulamos os seguintes obxectivos a longo e curto prazo, que posteriormente se vincularán ás estratexias de actuación.

3.1 ODS 4: obxectivos a curto e longo prazo

ODS 4 Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.

OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

ODS4.OCP1 - Valorizar e promover o uso do galego a través do rexistro da tradición oral.

ODS4.OCP2 - Mellorar a competencia comunicativa en galego do alumnado a través do uso da radio escolar.

ODS4.OCP3 - Visualizar o proxecto a través de medios de comunicación e plataformas dixitais.

7

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

ODS4.OLP1 - Incorporar o valor da transmisión oral en lingua materna (especialmente o galego) como eixe fundamental no deseño e desenvolvemento de políticas e currículos educativos, poñendo especial énfase na importancia da educación artística nos distintos niveis.

ODS4.OLP2 - Impulsar iniciativas que integren a cultura e a tradición nos avances cara á dixitalización dos centros educativos e as novas tecnoloxías para involucrar a comunidade educativa e promover as habilidades creativas, artísticas, o pensamento crítico, os valores e os principios éticos, desde a revalorización da diversidade e da multiculturalidade.

ODS4.OLP3 - Garantir a educación e a diversidade cultural como presupostos fundamentais para a xeración de novas ideas.

ODS4.OLP4 - Fomentar as capacidades culturais e sociais do alumnado para asumir os retos do futuro e relacionalas coa aprendizaxe.

ODS4.OLP5 - Incluír a dimensión cultural desde a educación para unha maior sensibilización do alumnado respecto ás problemáticas sociais, e fomentar o desenvolvemento do pensamento crítico e a creatividade na resolución de problemas.

ODS4.OLP6 - Favorecer o coñecemento, recoñecemento e valorización da cultura propia e allea, enriquecendo as capacidades e pensamento crítico desde o ámbito educativo.

3.2 ODS 5: obxectivos a curto e longo prazo

ODS 5 Lograr a igualdade de xénero e a poderar todas as mulleres e nenas.

OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

ODS5.OCP1 - Realizar un intenso labor de divulgación na contorna facendo especial énfase no papel da muller.

ODS5.OCP2 - Dar a coñecer as distintas entidades e asociacións onde a muller ten un impacto directo na contorna.

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

ODS5.OLP1 - Reducir as dificultades das mulleres en calquera actividade, especialmente na participación da vida cultural e na da comunidade educativa.

ODS5.OLP2 - Modificar as condutas dalgunhas tradicións e expresións culturais presentes nun centro educativo que discriminan as mulleres e as nenas.

ODS5.OLP3 - Impulsar iniciativas artísticas e culturais que visualicen a muller.

ODS5.OLP4 - Romper estigmas, eliminando os roles preasignados, e potenciar o desenvolvemento de novas masculinidades.

ODS5.OLP5 - Aproveitar o feito artístico e cultural como medio transmisor de educación, valores e principios que mobilicen e produzan cambios nos estereotipos sociais.

3.3 ODS 10: obxectivos a curto e longo prazo

ODS 10 Reducir a desigualdade nos países e entre eles

OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

ODS10.OCP1 - Achegarlle a nosa lingua e a nosa realidade sociocultural ao alumnado procedente do estranxeiro.

ODS10.OCP2 - Vincular o noso patrimonio inmaterial con outras realidades culturais presentes na comunidade educativa e na contorna.

ODS10.OCP3 - Fortalecer vínculos co alumnado lusófono do centro.

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

ODS10.OLP1 - Facilitar a inclusión, integración e participación de todas as persoas da nosa comunidade educativa na vida do centro e da contorna, sen importar a súa procedencia, idade, xénero, relixión ou situación económica, mediante a expresión artística (o canto) como medio de cohesión social.

ODS10.OLP2 - Garantir o acceso á educación artística e á cultura en igualdade de oportunidades a través de proxectos orientados a poñelas ao alcance de todas as persoas.

ODS10.OLP3 - Identificar os membros da comunidade educativa que requiren unha especial atención e elaborar diagnósticos educativos e culturais sobre a súa situación e estratexias de intervención para reducir as desigualdades.

ODS10.OLP4 - Poñer especial atención na protección das diferentes expresións culturais da contorna, en relación coa economía global: esta expresión fai referencia a factores locais e globais que reúnen características de ambas as realidades. "Pensa local e actúa global".

ODS10.OLP5 - Valorar os bens culturais da nosa contorna, así como os dos países menos avanzados, e ter en conta e recoñecer o impacto das migracións na nosa realidade sociocultural e educativa.

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

Deseguido, pasamos a realizar unha concreción das propostas estratéxicas e actuacións, relacionándoas cos obxectivos anteriormente expostos.

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

Obxectivos	Propostas estratéxicas de actuación
ODS4.OCP1	Recollida e rexistro de arrolos e cantos de berce
ODS4.OCP1 ODS5.OCP1	Entrevistas a asociacións de mulleres rurais, asistencia a Radio Xallas. Visita das Tanxugueiras ao centro.
ODS4.OCP3 ODS5.OCP1	Publicación do proxecto no web do centro, Adiante Galicia e Radio Xallas.
ODS5.OCP2	Colaboracións con asociacións de mulleres rurais da terra do Xallas. Obradoiro da granxa escola coa escritora Regina Muñiz.
ODS10.OCP1	Participación de alumnado de procedencia estranxeira na radio escolar e en Radio Xallas. Asistencia ao obradoiro Arrolos de Salitre, impartido en galego para familias con procedencia estranxeira.

ODS10.OCP2	Recollida de arrolos doutros países presentes na comunidade educativa. Representación gráfica nun mapamundi de relevo interactivo na entrada do centro educativo.
ODS10.OCP3	Asistencia á radio de persoal de limpeza procedente de Portugal e alumnado procedente do Brasil. Recollida de arrolos en portugués.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

Obxectivos	Propostas estratéxicas de actuación
ODS4.OLP1	Escritura das letras dos arrolos en diferentes linguas maternas, en transversalidade coa materia de Lingua Galega e a Educación Artística nos diferentes niveis.
ODS4.OLP2 ODS4.OLP3	Impulso, a curto prazo, da alfabetización dixital da nosa comunidade educativa, a través da utilización das TIC e das TAC en diferentes actividades, e involucración desta mediante diversos mecanismos.
ODS4.OLP4	Relación do labor de investigación do alumnado, no ámbito intrafamiliar e interxeracional, coas aprendizaxes curriculares e coa capacidade de resolver problemas en diferentes situacións.
ODS4.OLP5 ODS4.OLP6	Desenvolvemento, a través do proxecto en si, da sensibilidade do alumnado respecto á diversidade cultural existente no noso centro. Fomento do pensamento crítico que vai desde o local ao global, grazas ás diferentes situacións que debeñen do proxecto. Valoración da cultura propia e allea a través das tarefas de investigación e recollida.
ODS5.OLP1 ODS10.OLP1 ODS10.OLP2	Asistencia a obradoiros e eventos que se realizan no centro e participación de mulleres que teñen diferentes roles debido a súa educación, cultura, procedencia etc.
ODS5.OLP3 ODS5.OLP5 ODS10.OLP2	Visita das Tanxugueiras ao centro. Obradoiro Arrolos de Salitre, de Faia Díaz. Obradoiro Granxa escola coa escritora Regina Muñiz. Invitación á radio escolar das mulleres do rural da

	Terra do Xallas para contar as súas historias e agasallarnos cun arrollo. Estes eventos terán continuidade no vindeiro curso co convite doutras mulleres relevantes do panorama artístico e cultural que lle dean protagonismo á muller. Ademais, o proxecto extrapolarase a outros centros sostidos con fondos públicos da contorna para implicar así un maior número de persoas.
ODS10.OLP3 ODS10.OLP4 ODS10.OLP5	Identificación, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro, dos membros da comunidade educativa que requiren especial atención por diferentes características para garantir a súa inclusión neste proxecto a través de medidas como a participación en programas de radio, a axuda na recollida de arrollos prestada polo profesorado, a visualización nos medios ou a participación activa nalgúns dos obradoiros.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A continuación, concretamos a organización e o desenvolvemento inicial do proxecto que, entendendo o seu carácter aberto e flexible, daremos a coñecer de xeito definitivo na memoria final.

1ª fase

- Contacto cos responsables provinciais para asesoramento.
- Reunións cos membros do equipo.
- *Brainstorming*.
- Concreción dos principios de identidade do proxecto vinculados ao PEC ao Plambe.
- Definición dos valores do proxecto, como **proceso** (flexible e aberto, participativo e inclusivo, consensuado e democrático); como **produto global** (expresión de identidade e compromiso sociocultural coa tradición oral en lingua galega) e como **garantía** dunha boa convivencia entre toda a comunidade educativa.

- Definición das metas que cómpre acadar e dos obxectivos de desempeño para a consecución de cada unha delas.
- Planificación e secuenciación das accións que hai que desenvolver (calendario de traballo).
- Establecemento do organigrama do proxecto: axentes participantes, funcións, tarefas etc.
- Obradoiro de Tanxugueiras.
- Primeira visita a Radio Xallas para divulgar o proxecto.

2ª fase

- Avaliación procesual do desenvolvemento do proxecto.
- Execución das actividades correspondentes á temporización establecida: páxina web oficial do proxecto, *performance*, titoriais para familias, recollida e clasificación de arrolos etc.
- Segunda visita a Radio Xallas para difundir a segunda fase e adiantar a terceira.
- Participación na convocatoria da SXPL como proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística.

3ª fase

- Realización das actividades previstas no calendario: colaboración con entidades e asociacións, programa de radio con mulleres rurais conducido polo periodista Xosé Manuel Lema.
 - Elaboración dun mapamundi interactivo realizado con programación en bloques (mBlock) e placas Makey Makey, no que se escoitarán algúns dos arrolos recibidos.
 - Avaliación final do proxecto.
 - Informe final.
 - Entrega da memoria.
-

Metodoloxía

Estase a empregar unha metodoloxía activa e participativa, global e contextualizada, en aliñamento cos valores do proxecto e na que se ve implicada non só a comunidade educativa senón toda a contorna. Por unha banda, concibindo o proxecto dunha maneira globalizada, pois procúrase atender todas as realidades presentes no centro educativo. Por outra banda, actuando de maneira transversal, coa confluencia de todas as materias do currículo, as competencias clave e os obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030.

Partirá do construtivismo e da APS (a denominada aprendizaxe servizo): traballo en equipos heteroxéneos que incorpora toda a comunidade educativa posible e centrado no "para que". É dicir, aprender a través da acción (Dewey) ou a través da experiencia (Makárenko) pero sempre na procura dunha acción planificada e reflexiva que teña unha repercusión social na contorna.



6 Xestión e temporización

CRONOGRAMA: "ARRÓLAME PASENIÑO, ARRÓLAME UN POUQUÍÑO"										
		1º TRIMESTRE			2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
FASES	ACTIVIDADES E TAREFAS	SETEMBRO/OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
		AVALIACIÓN INICIAL								
0 XESTACIÓN	-Elaboración do proxecto. -Busca de referencias documentais. -Planificación de xuntanzas de equipo.	Km 0	Km 0+1	Km 0+2						
I FASE PLAN COMUNICACIÓN	COMUNICACIÓN DISRUPTIVA	A) CENTRO: -AUDITIVA: Fragmentos de arrollos e cantos de berce megafonía/radio na hora de entrada (9.20 hrs). -VISUAL: Imaxe de libre uso en A3 colocada en todos os puntos de entrada do centro educativo. -AUDITIVA E VISUAL: Proxección de imaxe de berce co clipping arrollos na fachada do cole. B) CONTORNA: -Difusión a nivel local en prensa e radio. -Procura de asociacións como canles de difusión e como entidades colaboradoras.	-Mércores,16: 1ª xuntanza equipo inno. Presentación proxecto -Luns, 22: Comezo comunicación visual/auditi. clipping arrollos e imaxe A3 entradas. Martes,30: 2ª xuntanza equipo inno. Resultados recollida información de asociacións e entidades.	-Mércores 1: Fin audicións clipping arrollos. Venres,3: Data tope para Registro reaccións clipping audio entradas. Realizada ao alumnado polas titúlas,es, e tamén ao equipo docente e non docente. Luns,13: Aumento cartelería cole e proxección imaxe berce, fachada do mesmo, xunto co clipping arrollos.	Luns 31: 3ª xuntanza equipo inno. 1-Estrutura da web. 2-Titoriais gravacións. 3-Permisos de voz. 4-Obradoiro de arrollos. 5-Recepción e clasificación. de Arrollos 6-Proposta colaboración outras entidades. 7- Merchandising. 8-Concurso.	Martes, 22 : 4ª xuntanza equipo inno. Venres 25 performance	Mércores, 9: 5ª xuntanza equipo inno.			
	ENQUIISA	Elaboración enquisa para á comunidade educativa cos finalidade de saber de onde partimos, para ir implementando melloras no desenvolvemento do proxecto e realizar tamén unha mellor avaliación do mesmo.		DURANTE O NADAL						
	DIFUSIÓN MEDIOS	-Radio Xallas (Encrucillada) na FM 107.5.	Xoves, 16: Presentación proxecto con persoal docente e non docente do centro.					Venres, 4: lanzamento proxecto radio. Equipo docente e nenas,os.		
							Venres, 25 febreiro LANZAMENTO PROXECTO. PERFORMANCE WEB MEDIOS de COMUNICACIÓN			
		AVALIACIÓN PROCESUAL								
II FASE OBRADOIROS RECOLLIDA	-Xarxueiras no Barril, 26 de Novembro. -Tutorial para recollidas. -Recollida de arrollos e cantos de berce. -Obradoiro.						Recollida ata 18 de marzo Xoves ,31: Obradoiro Arrollos de salitre para comunidade educativa Enquisa posterior	Possibilidade de ampliación de prazo ata o 8 de abril		
		AVALIACIÓN FINAL								
III FASE COLABORACIÓN ENTIDADES E ASOCIACIÓNS	- Diferentes actividades a concretar con cada unha das diferentes entidades e asociacións. - Realización de Mapamundi en relevo na entrada cole co lugar de procedencia arrollos.	Año Mouro (Asoc. Música Tradicional) Regina Mullas (poetas, Gramma escola) Asoc. de Emprendedoras/as Asoc. Sociocultural de Mulleres Rurais de Arantón. Asoc. Cultural e Recreativa Castro de Benda. Asoc. de Mulleres Rurais Sta. Sabida. Asoc. "A Colliga de Vilar" de Grelas. Asoc. Mulleres Rurais do Xallas. Asoc. Mulleres Rurais "Arlequín de Xallas" Asoc. Cultural e Recreativa Mulleres Rurais "Mullas da Pereira" Sra Candelina Teatro							Elaboración Memoria Final Entrega	15

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

As persoas que compoñen o equipo de innovación educativa son:

- Olaia Novo Pérez (coordinadora do proxecto)
- María Dolores Nieto Caamaño
- Bienvenido Suárez Suárez
- Maria del Carmen García Espasandín
- Yolanda Guerrero Mariño
- Guillermina Fernández Caamaño
- Tamara Abuelo Pombo
- Divina Pastora López Lago
- César Ramos Domínguez
- Fernando Pintos Recarey

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

O repartimento de tarefas e funcións asígnase por bloques nos que participamos todas en todo e nos que incluimos tamén o resto de persoal docente, non docente, alumnado e familias.

Alén diso, para facer operativo o desenvolvemento do proxecto establecemos os seguintes subgrupos de traballo:

Coordinación e presenza en todos os grupos: Olaia Novo Pérez	
Grupo TIC	- Bienvenido Suárez Suárez - Yolanda Guerrero Mariño
Grupo de difusión	- María Dolores Nieto Caamaño - María del Carmen García Espasandín - Fernando Pintos Recarey - Divina Pastora López Lago
Grupo de artes plásticas	- César Ramos Domínguez - Guillermina Fernández Caamaño - Tamara Abuelo Pombo

PERSOAL DOCENTE	NÚMERO
Titoras/es	19
Apoio infantil	2
Especialistas de Lingua Inglesa	3
Especialistas de E. Física	2
Especialistas de Relixión	1
Especialistas de Música	1
Especialistas de P. T.	5
Especialistas de A. L.	1
Orientadora	1

7.2 Alumnado participante (curso, nivel e número)

CURSO	AULA	NÚMERO
4º educación infantil	A	18
4º educación infantil	B	17
5º educación infantil	A	20
5º educación infantil	B	19
6º educación infantil	A	21
6º educación infantil	B	22
1º educación infantil	A	25
1º educación infantil	B	24
2º educación primaria	A	24
2º educación primaria	B	23
3º educación primaria	A	20
3º educación primaria	B	21

3º educación primaria	C	20
4º educación primaria	A	22
4º educación primaria	B	22
5º educación primaria	A	25
5º educación primaria	B	25
6º educación primaria	A	20
6º educación primaria	B	21

Relación de alumnado e / ou familias doutros países	
PAÍS	NÚMERO
Arxentina	1
O Brasil	10
A China	1
Colombia	2
Cuba	1
Marrocos	15
Moldavia	1
O Perú	4
Portugal	2
A República Dominicana	1
Romanía	5
O Senegal	1
Suíza	2
Venezuela	7

7.3 Outros membros da comunidade educativa

PERSOAL NON DOCENTE	NÚMERO
Persoal de cociña	5
Administración	1
Conserxaría	1
Persoal de limpeza	4
PAC	2

OUTROS MEMBROS	NÚMERO
ANPA	-
Acompañantes no autobús escolar	9
Colaboradoras do comedor	24

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- **Tecnolóxicos:** web, Agueiro, abalarMóbil, radio escolar e radio local, placas Makey Makey, altosfalantes, equipos informáticos, PDI, proxectores, videotitoriais, arquivos de imaxe e son, impresora 3 D, impresión téxtil.
- **Material funxible:** folios, lapis, gomas, bolígrafos, rotuladores, papel fotográfico, impresión en cor, pintura acrílicas, cartón pedra, papel de aluminio, plastilina de base salgada, cartolinas, archivadores, cartafolios etc.
- **Recursos materiais empregados nos obradoiros:** teas, coxíns, material funxible e tecnolóxico anteriormente mencionado, petiscos e agasallos.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

O orzamento aproximado para o desenvolvemento do proxecto Arrólame paseniño, arrólame un pouquiño é de 7.000 euros. O resultado da facturación total será achegado na memoria final do proxecto. Mentres tanto, inclúese unha desagregación de actividades, recursos e ítems previstos no seu plan económico.

DESAGREGACIÓN	
Obradoiro "Arrolos de salitre" con Faia Díaz e Guillermo Fernández	700 €
Almorzo e agasallo para o concerto-obradoiro das Tanxugueiras	150 €
Material funxible	300 €
Material para a elaboración do mapamundi interactivo	500 €
Materiais e recursos tecnolóxicos	1.000 €
Agasallos colaboración asociación de mulleres rurais	300 €
Colaboración Sen Cancelas Teatro	100 €
Obradoiro Regina Muñiz e Granxa-Escola	500 €
Colaboración musical coa Asoc. Axio Mouro	250 €
Desprazamentos a medios de comunicación	100 €
Monitores/as para o coidado de nenos/as no obradoiro de arrolos	1.000 €
Mercadotecnia do proxecto	1.000 €
Outros gastos	1.000 €
TOTAL	6.050 €

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Contactouse coas seguintes asociacións, co obxectivo de que algunhas desas mulleres acudan á nosa radio escolar a cantar e contar a historia que hai detrás deses arrolos, todo isto coa inestimábel colaboración do periodista Xosé Manuel Lema, condutor do programa *Encrucillada* en Radio Xallas e director do xornal dixital *Adiante Galicia* xunto co noso alumnado:

- Asoc. Sociocultural de Mulleres Rurais de Arantón - M^a Carmen Pena Barbeito
- Asoc. Cultural e Recreativa Castro de Boaña - M^a José Calvo Álvarez
- Asoc. de Mulleres Rurais de Sta. Sabiña - Lola Blanco Castro
- Asoc. As Céltigas de Vilar de Grixoa - Lina Novo Antelo
- Asoc. Mulleres Rurais do Xallas - Isabel Lema Duarte
- Asoc. Mulleres Rurais Airiños do Xallas - Carmen Ameijeiras e María Pazos
- Asoc. Cultural e Recreativa Mulleres Rurais Muíños da Pereira - Florinda Boga López

Ademais, Sen Cancelas Teatro realizará unha *performance* no centro educativo e Regina Muñiz (escritora e xestora dunha granxa escola) realizará un obradoiro de escrita en lingua galega directamente relacionado coa tarefa que nos ocupa: os arrolos e cantos de berce. No ámbito da **comunicación e difusión** do proxecto, contamos con **Radio Xallas** e **Adiante Galicia** así como co **Concello de Santa Comba**.

11 Medidas de difusión do proxecto


Aínda que este proxecto nace e bebe do tradicional, o achegamento á comunidade educativa e a implicación desta pasa pola utilización dos medios tecnolóxicos máis innovadores que a Administración pon á nosa disposición.

Para crearmos un espazo de recollida dixital para todo o material que está a xerar o proxecto, algo que debemos dar a coñecer, empregamos: a [web do noso centro](#), plataforma de Agueiro e abalarMóbil. Ademais, tamén se están a facer distintas incursións no medio radiofónico local Radio Xallas así como en xornais como *Adiante Galicia*.

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Todas as accións desenvolvidas na difusión do proxecto estiveron ligadas ás distintas fases deste. Comezouse cunha proposta audiovisual para toda a comunidade educativa. O plan de comunicación erixiuse cunha compoñente disruptiva, proceso no que un dos elementos rompe coa orde que o noso cerebro establece para facer previsible a transmisión da mensaxe, sae así do convencionalismo e chama a atención, para provocar un cambio radical na maneira de percibir o que se quere comunicar.

Continuamos coa realización de actividades sen unha conexión directa en aparencia pero nas que si existía unha profunda intencionalidade. Falamos por exemplo da [visita das Tanxugueiras](#). Todo cobrou sentido o día da *performance* realizada no noso centro o venres 25 de febreiro, coincidindo coa celebración do Entroido. Co discorrer dos meses, utilizáronse recursos visuais e auditivos para xerar intriga. Todos estes aspectos, e os materiais audiovisuais que os acompañan, están localizados no apartado do Plan de



**Obradoiro de Arrolos
para a comunidade educativa**

Arrolos de salitre
PaiaDías GuillermoFernández

**Xoves 31 de marzo
16.30 hrs**

**CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
Santa Comba**

Dirixido a: nais, pais, avoas, avós, persoal docente e non docente.

comunicación do noso proxecto e, máis exactamente, no apartado de "[Comunicación disruptiva](#)".

Se revisamos eses apartados pódese observar que as accións de comunicación (creación de contidos web, vídeos resumo, vídeos titoriais, sons...) xeraron unha gran cantidade de conversacións e debates en toda a comunidade.

Outra vía principal de difusión, especialmente en momentos moi concretos como poden ser a presentación do propio proxecto ou a organización de actividades, foi a ferramenta abalarMóbil que se empregou para a notificación ás familias. Creáronse, neses casos, ligazóns directas a esas novas de interese sobre o proxecto.

O espazo web do centro sufriu modificacións importantes para salientar a difusión do proxecto. Cambiouse a cabeceira principal para que cada visita das persoas usuarias se vinculase directamente ao proxecto dunha maneira subxectiva e experiencial.


Cabeceira da web previa ao proxecto



Cabeceira da web tras dar a coñecer o proxecto



Creación dun acceso rápido en varias zonas da nosa web para facilitar a consulta en todo momento.



Ademais, utilizáronse **medios máis tradicionais** como carteis e outras imaxes impresas, xa antes mencionadas.

O **formato auditivo** está tamén moi presente; así o poñen de manifesto tanto o *clipping* de arrolos utilizado ao inicio do proxecto como os dous *podcasts* froito das dúas intervencións realizadas no programa *Na encrucillada* en Radio Xallas, conducido polo periodista Xosé Manuel Lema. Pódense ver premendo nas seguintes ligazóns:

[Ligazón 1](#)



[Ligazón 2](#)



11.2. Alcance

Aínda que o mellor está por vir coa recollida de arrolos que nos fará chegar a comunidade educativa, xa comezan a apreciarse algúns froitos dos traballos realizados até o de agora. Son varias as persoas que se achegan ao centro comentando o seu interese, con intriga ou mesmo achegando xa algún rexistro ou gravación. Tamén son frecuentes as conversas sobre o proxecto en lingua galega mantidas entre o alumnado e as súas familias. Falar coas nais, avoas, cos pais e avós, preguntando sobre as cancións de berce que, anos atrás, na súa primeira infancia empregaban para o agarimo e a calma das crianzas é, sen dúbida, un dos éxitos deste proxecto. A grande expectativa creada arredor del traspasa os muros do centro educativo. As RR SS son eco do que está a acontecer no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza de Santa Comba. Na vila saben do proxecto e falan del.

12 Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

As **liñas de traballo** focalízanse en dous eixos: por un lado, o de todo o coñecemento dispoñible sobre o valor do proxecto na contorna, como un subsistema en relación con outros subsistemas sociais que inciden directamente no desenvolvemento sostible e, por outro, o da interacción e horizontalidade da educación e a cultura en diferentes ámbitos e sectores da vida social.

O **primeiro eixo** poderá recoller datos directos e indirectos con sistemas de medicións e avaliacións tanxibles e intanxibles. O **segundo eixo** precisa dunha reflexión máis ²⁴ conceptual pola consideración da transversalidade na educación, pois esta require un tipo de mentalidade que inclúa as diferentes dimensións humanas e colectivas en prol dun desenvolvemento transformador na nosa comunidade educativa e na súa contorna.

MEDICIÓNS	
CUANTITATIVAS	CUALITATIVAS
Nº de novas publicadas	Feedback do <i>clipping</i> de audio
Nº de visualizacións desas novas	Enquisa de comunicación disruptiva
Nº de <i>share</i> da ligazón en RR SS*	<i>Feedback performance</i>
Nº de <i>likes</i> en RR SS*	Calidade dos arrolos recibidos
Nº de arrolos recibidos	Opiniós das persoas asistentes aos obradoiros.
Nº de visitas á páxina web do centro	
Nº de participantes nos obradoiros: Tanxugueiras e Arrolos de Salitre	
Nº de entidades que colaboran co proxecto	
Enquisa sobre modalidade de acceso ao proxecto: web, xornal, radio, boca-orella etc.	

* O centro non difunde en redes sociais fóra dos servidores da Xunta de Galicia debido ao protocolo de protección de datos pero barállase a opción de contabilizar estes ítems a través das novas e os *podcasts* publicados nos medios de comunicación.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Este proxecto nace nun contexto no que o uso do galego xa está presente no día a día de toda a súa comunidade educativa. Santa Comba fala e sente en galego.

Se cadra, as consecuencias da "sociedade líquida" na que estamos a vivir e da que falaba o reputado sociólogo Zygmund Vaughan impiden a creación de momentos e espazos nos que usar a lingua paseniño, e máis nunha situación de Pandemia como a que estamos a vivir. Este proxecto está a axudar a crear eses fabulosos escenarios de diálogo compartido entre todas e todos nós. E estamos a facelo na nosa lingua: o galego. Os froitos das nosas recollidas estarán a disposición de todas/os. Eses arrolos, tanto en galego como noutras linguas do alumnado de procedencia estranxeira, contribúen a aumentar o coñecemento da inmensa riqueza sociocultural na que estamos inmersos/as.

Os obradoiros, realizados integramente en lingua galega e protagonizados por persoeiros con traxectorias consolidadas e recoñecidas do panorama musical galego (Tanxugueiras, Faia Díaz, Guillermo Fernández...), son tamén un espazo de intercambio de coñecemento, de compartir aprendizaxes na lingua de Rosalía. Os produtos obtidos destes obradoiros son e serán testemuñas tamén da riqueza cultural en lingua galega da nosa contorna e comunidade educativa.

arrolar Conxugar 🔊

verbo intransitivo

1 [Rola] cantar.
Arrolaba a rula na pila do laureiro.

verbo transitivo

2 Cantarlle ou falarlle a [alguén] con voz doce, como se fai para calmar ou adormentar un neno.
É doce a súa voz cando me arrola.

3 Balacear nun berce [un neno] para adormentalo.
Arrola o neno para que non chore máis.
▶ SÍNONIMOS **abalar, abalar, abalar, abalar**

4 Mover no colo [un neno] ou cantarlle suavemente para que deite de chorar ou adormeza.
Arrola o seu fillo con moito agurmo.
▶ SÍNONIMO **pausar**

5 figurado Facer balancear [algo] de xeito similar a un berce.
O vento arrola as plantas.

verbo pronominal

6 Moverse balanceándose.
A tralla arrolase co vaivén do mar.

berce 🔊

substantivo masculino

1 Cama de neno pequeno, que xeralmente se pode abanar.
Pon o neno no berce a ver se adormece.
▶ CONFRÓNTASE **barrelo, rolo**

2 figurado Lugar de orixe.
Escocia é o berce do whisky.

arrolar Conxugar 🔊

▶ PARA TODAS AS ACEPTIÓNS FORMA MENOS RECOMENDABLE: **rolar**

verbo transitivo

1 Mover [unha cousa] botándoa a rolos.
Arrolaron un toro de piteiro polo monte abaixo.

verbo intransitivo

2 Moverse dando voltas sobre si mesmo.
As pedras da canteira arrolaban pola ladeira da montaña.
▶ SÍNONIMOS **acarrolar, bolear, boular, carroulear, chouchar, rodar, roular**

verbo pronominal

3 Botarse a rolos.
Arrolouse na terra fregándose nela.

Este é un proxecto vivo e transversal no máis grande senso da palabra. Unha proposta de interculturalidade e respecto profundo cara á multiculturalidade no que se recoñecen as diferentes realidades e procedencias do noso alumnado e, ao mesmo tempo, se achegan á realidade sociocultural da nosa contorna e á promoción da nosa lingua.

Todo isto a través dun dos instrumentos máis antigos da historia: a voz. Un instrumento que non se ve, un instrumento que non se pode tocar, que non se pode ulir, que non se pode saborear... máis un dos elementos máis relevantes na comunicación humana, na transmisión de cultura e nos vínculos entre as persoas.

É unha composición musical contrapuntística, case barroca. Reflectida en todas as súas cores no calendario de traballo. Un proceso multifuncional e diverso onde fluén e conflúen varias liñas de investigación e actuación dun xeito dinámico.



“
*Arrólame paseniño,
rrólame un pouquiño*”



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22